

DECRETO DE ALCALDÍA

Asunto: modificación data e hora celebración sesión extraordinaria Concello Pleno do 23 de abril de 2021

Logo de ver o decreto desta alcaldía núm. 475/2021, do 20 de abril de 2021, polo que se convocaba a sesión extraordinaria do Concello Pleno o día 23 de abril de 2021 (venres) ás 10:00 horas (dez da mañá) no Salón de Plenos da Casa do Concello, coa seguinte orde do día:

|   |  |
|---|--|
| 1 | <b>PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO 2021-2022</b>   |
| 2 | <b>MODIFICACIÓN ORDENANZA NÚM. 20 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREO PÚBLICO CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABLAOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA</b> |
| 3 | <b>INICIO DO EXPEDIENTE DE ESTUDIO DA MODIFICACIÓN DA FORMA DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGA NO CONCELLO DE SANTA COMBA</b>                       |


Logo de ver o escrito presentado polo voceiro do grupo municipal socialista, José Antonio Ucha Velo, de data 20 de abril de 2021, con rexistro de entrada núm. 1154/21-04-2021, que se transcribe:



Socialistas

### CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO

D. José Antonio Ucha Velo, en calidad de Concejal y portavoz del grupo Municipal Socialista en el Ayuntamiento de Santa Comba, comparece y solicita que mejor proceda



### EXPONE

**Primero.-** Que mediante la resolución de Alcaldía número 475/2021, se viene a convocar la sesión extraordinaria del Pleno municipal para el día 23 de abril de 2021 (viernes) a las 10 h de la mañana.

**Segundo.-** Que la mayoría de concejales no tienen dedicación exclusiva y compatibilizan la vida pública con sus respectivas actividades profesionales, y al convocar el pleno dentro del horario laboral se les obliga a decidir entre asistir a los plenos o cumplir con los compromisos laborales.

**Tercero.-** Que la convocatoria del pleno se puede hacer fuera de la jornada laboral (20:30 h).

Por todo ello,

### SOLICITAMOS

El cambio de la hora señalada en la convocatoria del PLENO EXTRAORDINARIO pasando a celebrarse a las 20:30 h, en base a los motivos ya expuestos.

Santa Comba, 20 de Abril 2021

Fdo: José A. Ucha Velo

SR. ALCALDE DEL AYUNTAMIENTO DE SANTA COMBA.

Decreto N°: 484/2021 - Fecha de decreto: 21/04/2021  
Versión imprimible

CVD: mTmJpZKxS4n8F+yGHBm  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Logo de ver o escrito presentado pola voceira do grupo municipal popular, Mª Josefa Pose Rodríguez, de data 21 de abril de 2021, con rexistro de entrada núm. 1157/21-04-2021, que se transcribe:



Dña. M Josefa Pose Rodríguez, portavoz do grupo municipal Popular e concelleira do Concello de Santa Comba.

**ASUNTO:**

Convocatoria da sesión extraordinaria plenaria.

**EXPÓN:**

Recibida a convocatoria da sesión extraordinaria plenaria para o día 23 de abril ás 10:00 da mañán pola resolución da Alcaldía 475/2021.

Pola actividade laboral dos nosos concelleiros a hora da convocatoria é un problema para poder confirmar a asistencia a este pleno.

**SOLICITAMOS**

O cambio de hora señalada en dita convocatoria para ás 21:00 horas do mesmo día.

Santa Comba, 21 de abril de 2021

Fdo: María Pose Rodríguez

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTA COMBA

## RESOLVO

**Primeiro.-** Modificar a data e a hora da celebración da sesión extraordinaria do Concello Pleno e pospoñer a súa celebración para o día 27 de abril de 2021 (martes), en primeira convocatoria, no Salón de Plenos da Casa do Concello, ás 13:00 horas (unha do serán), manténdose á mesma orde do día.

De acordo co artigo 90 do ROF, no caso de non existir quórum suficiente en primeira convocatoria (un tercio do número legal de membros da corporación), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días máis tarde.

**Segundo.-** Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Corporación municipal, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión do presente escrito.

| APELIDOS E NOME                 | GRUPO POLÍTICO    | SINATURA |
|---------------------------------|-------------------|----------|
| BARBEIRA GARCÍA, DAVID          | Grupo mixto (CxG) |          |
| POSE RODRÍGUEZ, MARIA JOSEFA    | PP                |          |
| ESPASANDÍN TURNES, MARÍA ESTHER | PP                |          |
| CANCELA BLANCO, SILVIA          | PP                |          |
| GARCÍA SUÁREZ, JOSÉ             | PP                |          |
| IGLESIAS MOURO, MANUEL ANDRÉS   | PP                |          |
| RODRÍGUEZ TORREIRA, JOSÉ MANUEL | PP                |          |
| UCHA VELO, JOSÉ ANTONIO         | PSdeG-PSOE        |          |
| FAJÍN BARREIRO, CRISTINA        | PSdeG-PSOE        |          |

|                                     |            |  |
|-------------------------------------|------------|--|
| TURNES ROMERO, CARLOS               | PSdeG-PSOE |  |
| RUZO BLANCO, BLANCA MARÍA<br>CARMEN | PSdeG-PSOE |  |
| ESPASANDÍN MARTÍNEZ, JOSÉ MARÍA     | PSdeG-PSOE |  |
| ANTELO ÁLVAREZ, JESSICA             | PSdeG-PSOE |  |

Esta resolución notificarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, (na data da sinatura electrónica deste documento)

O alcalde

Dou fe, a secretaria xeral

David Barbeira García

Cristina Alonso Losada